



## DOSSIER DE PRENSA DE PRESENTACIÓN

### INTERVENCIÓN DE SANTIAGO PÉREZ HAZ

A Asociación de Profesionais Percebe dá Barca agrupa a preto de 50 percebeiras e percebeiros do Concello Muxía. Desde 2020, concienciados da importancia da posta en valor dun produto tan especial como o que nos ocupa os 365 días ao ano, puxémonos a traballar no deseño dunha marca e unha imaxe que fose capaz de reposicionarnos, exportando á mente do consumidor todo o sabor do rei dos moluscos da Costa da Morte. Naceu así o concepto OuroAtlántico, a imaxe gráfica do percebe dourado e a denominación PercebeDaBarca. Na nosa vontade, a loita contra o furtivismo e o desexo de fidelizar ao consumidor a través da garantía do noso produto. Porque non é ouro todo o que reloce nin Percebe de Muxía todo o que se comercializa como tal.

1

Tras unha primeira campaña de imaxe e posicionamento que, financiada por Europa, pola Xunta, polo GALP Costa da Morte e polo Concello de Muxía, definiu a nosa nova identidade corporativa e trasladouna con eficiencia ao imaxinario colectivo a través de márketing dixital e redes sociais, agora tocaba “tanxibilizar o produto” e revestilo da elegancia, o luxo e o valor que o noso PercebeDaBarca atesoura. Por iso que hoxe lles convocamos aquí.

Permítanme que empece por lanzarlles unha pregunta: Coñecen o auténtico TesOuroAtlántico?

Nós, que o temos nas nosas mans todos os días, pensamos: un produto de semellante valor, necesita un envase á altura. E é que, antes de conquistarnos polo seu sabor, como estamos seguros fará en canto o degusten, o PercebeDaBarca debería conquistarnos coa súa mera presenza. Un rei necesita revestirse de oropeis para infundir realenza. Non cren? É máis. Por que envolvemos perfumes en envoltorios de luxo e estendemos os produtos do mar en embalaxes que transmiten unha indiferenciación propia das marcas brancas ou de escaso valor? Tantas veces a vista é o primeiro dos sentidos que entra en xogo, que non coidar



esa primeira ollada dun produto é avocalo á súa vulgarización. Para evitar caer neste erro hoxe presentamos o noso CofreDoTesOuro. O seu interior, como non podía ser doutra maneira para preservar a frescura e garantir a cadea de frío, é un corazón de Porex refrixerado con acumuladores frioBox. Pero o seu exterior quere ser un envase transgresor no noso sector que transmita o glamour, a elegancia e o valor do noso percebe.

Como pistoletazo de saída da Campaña ACazaDoTesouroAtlántico, hoxe, desde un lugar tan simbólico como este que nos acolle, o Museo do Pobo Galego, dirixido polo Muxián Manuel Vila, os primeiros cen CofresDoTesOuro sairán cara a moitos mercados e restaurantes de toda Galicia. A día de hoxe, máis de cen xa integran a rede de establecementos comercializadores do PercebeDaBarca. Se queren saber cales, poden consultar a súa relación na pestana “Establecementos Adheridos” da nosa web de marca [www.percebedabarca.com](http://www.percebedabarca.com). Agradecer desde aquí a implicación da Federación de Prazas de Abastos de Galicia e da Asociación de Hostalería de Galicia, así como das súas catro delegacións provinciais para garantir a distribución do OuroAtlántico por toda a nosa comunidade. Grazas MariCarmen Rodríguez, CheChe Real, Héctor Cañete, César Ballesteros, Begoña Vázquez, Ovidio Fernández, Javier Balbín, Julián Saleta e Cesáreo Pardal pola vosa axuda.

Neste punto, facemos, entrega á Presidenta de Prazas de Galicia e o Presidente de Hostalería de Galicia dos distintivos físicos que recoñecerán aos seus establecementos como distribuidores da marca PercebeDaBarca | OuroAtlántico para que sexan eles quen os repartan entre os seus asociados adheridos á marca.

Cen cofres. Cen destinos. Cen Tesouros que compartir. Este ben podía ser o titular da Campaña TesOruroAtlántico.

Deses cen cofres, setenta de ½ quilo co noso Percebe de calidade superior e suprema serán distribuídos en peixarías de Prazas de boa parte de Galicia para ser postos ao dispor do consumidor. En dez deles esconderemos un PaseDeOuro que premiará á persoa posuidora cunha



cea para dúas persoas nun dos restaurantes da nosa rede. Vinte cofres de 1 quilo con percebe Premium das pedras DaBarca irán parar, mediante sistema de poxa, a restaurantes da nosa rede. E dez cofres de ½ quilo entregaranse como premio ás dez persoas que completen con éxito o xogo en liña NaProcuraDoTesouroAtlántico ao que se pode acceder desde a pestana “Xogo Tesouro” da nosa web [www.ouroatlántico.com](http://www.ouroatlántico.com).

Víctor Manuel Haz Soneira, presidente da Asociación de Profesionais PercebeDaBarca, explicaralles a continuación un pouco máis sobre dúas das novas utilidades que hoxe presentamos: o noso sistema de poxa en liña e o xogo NaProcuraDoTesouroAtlántico.

### **INTERVENCIÓN DE VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA**

Bo día a todas e a todos.

Ata o de agora, o modo de operar entre os nosos percebeiros e os seus compradores sempre se baseou nun modelo de intercambio netamente tradicional no que a confianza, a proximidade e o teléfono son elementos fundamentais. Agora queremos dar un paso máis cara á profesionalización deseñando unha aplicación WebApp á que chamaremos PujApp. Trátase dunha extensión WOOCOMERCE para WordPress que permita aos establecementos adheridos á nosa marca poxar de maneira preferente durante 3 horas polas nosas capturas previo paso por lonxa. A aplicación, xa accesible desde a PopUp da pantalla da inicio da nosa web [www.ouroatlantico.com](http://www.ouroatlantico.com) ou no PlayStore de Android, dispón de poxa de saída, de incrementos mínimos por poxa, de intervalos de reserva, de horarios de activación e desactivación e de sistemas de reserva inmediata. Todo un universo de utilidades ao alcance do conxunto de axentes implicados no noso negocio.

Ademais, para dar máis empaque a estas campañas e as súas actuacións, deseñamos un xogo, que chamamos NaProcuraDoTesouroAtlántico.

Trátase dunha ferramenta de advergaming genialstyle composta por dez preguntas formuladas en dez pantallas interactivas que buscan demostrar



canto saben os internautas dos produtos do mar, da dieta atlántica e do PercebeDaBarca.

As dez primeiras persoas que completen o xogo, cheguen á última pantalla e compártana no seu muro de Facebook ou Instagram, resultarán agraciadas cun dos CofreDoTesouro con medio quilo de PercebeDaBarca de calidade suprema.

Cofres, distintivos, rede de establecementos, ferramenta de poxa, xogo e campaña conforman un poderoso instrumento de comunicación e márketing feito realidade de novo grazas ao financiamento e o esforzo de Europa, da Xunta de Galicia, do GALP Costa da Morte e do Concello de Muxía. Para darlle contexto, un Manual de Identidade e un Manual de Uso definen e delimitan a marca. Podedes consultalos na url [www.percebedabarca.com](http://www.percebedabarca.com), a web basee da nosa identidade. E se algún establecemento de venda de peixes e mariscos ou restaurante quérese unir, convidámoslle a encher o formulario accesible na devandita web e facérnolo chegar. Estaremos encantados de recibir todas as propostas.

Grazas a todas e a todos por acompañarnos hoxe aquí e por axudarnos a dar a coñecer o OuroAtlántico con todos os seus valores e o seu potencial.

Remata aquí esta rolda de prensa informativa. Moi bo día a todas e a todos!